

IX Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico 2015



Evasión Clara Gayo

Non teño espello no baño Avelina Pérez

Hai un punto que me doe Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Asalto ao rexional das 11 Daniel García Níñez

IX Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico 2015



Evasión Clara Gayo

Non teño espello no baño Avelina Pérez

Hai un punto que me doe Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Asalto ao rexional das 11 Daniel García Níñez

XUNTA DE GALICIA

RADIO GALEGA

ORGANIZA

Radio Galega

EDITA E COLABORA

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Secretaría Xeral de Cultura

DESEÑO

Magenta, axencia de publicidade

IMPRESIÓN

Tórculo Comunicación Gráfica

DEPÓSITO LEGAL

C 1822-2016

© Radio Galega e Xunta de Galicia, 2016

© Clara Gayo, Avelina Pérez, Marián Bañobre, Santiago Cortegoso e
Daniel García Níñez, dos seus respectivos textos, 2016

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola
lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución e comunicación
pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica,
ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en
calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen
a preceptiva autorización.

Fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega e contribuír á recuperación –desde unha perspectiva contemporánea– do xénero de teatro radiofónico. Estes son os principais obxectivos do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, un certame promovido pola Radio Galega, a través do programa Diario Cultural, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Na novena edición do certame, convocada en 2015, as obras *Evasión*, escrita por Clara Gayo, e *Non teño espello no baño*, de Avelina Pérez, foron as gañadoras dos premios do xurado e da audiencia, respectivamente, dotados cada un con 3.000 euros. Xunto coas outras dúas propostas finalistas, *Hai un punto que me doe*, de Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, e *Asalto ao rexional das 11*, de Daniel García Níñez, ven a luz agora neste libro-CD no marco da colección do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico.

O xurado do IX Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico estivo formado polo actor e director da compañía Il Maquinario Teatro, Tito Asorey; polo crítico de teatro Camilo Franco; por César Carracedo, gañador da edición anterior; pola coordinadora de Actividades Culturais da Agadic, María Paredes, por designación da Secretaría Xeral de Cultura; pola xefa de Programas da Radio Galega, Gloria Ferreiro, e mais por Ana Romaní, directora do Diario Cultural.

Cando un inicia os seus estudos de arte dramática e acode ás primeiras aulas de Teoría Teatral comeza normalmente por escoitar a explicación da orixe da palabra á que en principio vai dedicar a súa vida profesional. Apréndese entón que “teatro” é un termo que provén do grego “theatrón”, que vén significar algo así como “lugar dende o que se observa”. Se tomamos isto como unha verdade absoluta, poderíamos afirmar que “teatro radiofónico” é en si mesmo un oxímoro, un paradoxo, unha contradición imposible polo propio feito de que as ondas de radio se dirixen a un sentido que non é precisamente o da vista. Afortunadamente, a etimoloxía non serve para explicar toda a complexidade do feito teatral.

A experiencia como ouvintes e facedores de teatro ofrécenos outra visión moito máis próxima á realidade: a de que a radio é un medio absolutamente válido para a exploración de novas linguaxes dramáticas –e posdramáticas– onde o ouvinte quizais non vexa a peza cos ollos da cara, pero si “cos ollos de dentro”, rematando por ser un receptor enormemente activo, completando na súa cabeza o espectáculo e outorgándolle corpo, voz, rostro, escenografía e iluminación ao que, en inicio, só son palabras e sons. Permitídmeme que bote man da miña experiencia directa para ilustrar este asunto...

Un dos primeiros recordos que teño sendo neno é o dun rostro que eu imaxinaba cada mañá cando almorzaba antes de ir á escola de preescolar. Non era ninguén da miña familia, pero aínda hoxe podo recordar a súa cara,

as súas engurras, as súas expresións faciais, o seu pelo cano, e mesmo podo lembrar a cor da manta de cadros escoceses que lle cubría as pernas. Recordo todos eses pequenos detalles, que quedaron gravados na miña mente sendo un neno duns catro ou cinco anos, pero eses recordos non son de ninguén que coñecese, senón dun velliño que nunca vira realmente, ao que tan só escoitaba. Iso si, escoitábao todas as mañás. Na radio. Este non era outro que o protagonista do serial radiofónico *La saga de los porretas*, que, polo que se ve, na casa tiña grande éxito. Moitos anos despois, descubriría que o medio radiofónico non só podería dar cabida a pezas teatrais tan tradicionais coma esta, senón que podía servir como territorio de experimentación e exploración de novas formas de abordar o feito teatral, como ben se pode comprobar na magnífica *Pour en finir avec le jugement de dieu*, peza mestra onde Antonin Artaud, gran defensor dun teatro que superase os límites do textual, dá forma práctica ás súas teorías, paradoxalmente nun medio onde non existe a imaxe e todo ten que pasar polo imaxinario do espectador.

O Diario Cultural da Radio Galega, con Ana Romaní á fronte, leva xa nove anos promovendo este premio que, sen dúbida, é unha das máis positivas experiencias de impulsión da creación dramática en Galicia. Como ouvinte, todos os anos estaba á expectativa de que “o teatro volveuse á radio” e, por iso, fíxome unha enorme ilusión cando este ano fun proposto para ser o encargado da dirección das catro obras finalistas. Catro magníficas pezas que poñen de manifesto o gran momento polo que

está pasando a creación dramática no noso país, e que agardamos que coa creación de Dramaturga (Asociación Galega de Dramaturxia) e a concienciación da profesión no apoio a aquelas e aqueles que escriben para contar as nosas historias, estas logren acadar unha maior presenza nos escenarios do noso país.

As catro pezas seleccionadas diverxen moito tanto en temática como en estilo, e cada unha delas supuxo un reto diferente á hora de poñelas “en escena”. *Non teño espello no baño*, de Avelina Pérez, a gañadora do premio do público, confronta a soidade propia dun ser humano que afronta unha crise coa frialdade dunha máquina que tenta dar resposta á súa desesperación. Mediante unha conversa telemática, Avelina logra transmitir nun diálogo imposible o absurdo que existe cando tentamos atopar respostas a problemas de índole fundamentalmente humana mediante recursos preestablecidos informaticamente. *Siri* quizais pode axudarnos a atopar un restaurante chinés, pero non ofrece respostas aos problemas que precisan dun ouvido humano (e dun ombro no que apoiarse) para ser solucionados.

O premio do xurado recaeu na peza máis experimental das catro seleccionadas, *Evasión*, da dramaturga Clara Gayo. Cunha estrutura achegada ao posdrama, onde os personaxes e a liña da acción se esvaen para impulsar unha panorámica máis paisaxística, foi unha auténtica delicia poder montala pola cantidade de estímulos sonoros que o propio texto xa achegaba. Nesta peza Clara Gayo dálle voz a unha xeración que busca a

súa rebeldía nun universo desesperadamente caduco e inmóbil, ateigado de prexuizos e estereotipos de xénero.

Hai un punto que me doe, escrita a dúas mans pola parella fundadora de Ibuprofeno Teatro, Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, fálanos dun tema de candente actualidade –que non desvelarei para non destripar o xiro final– dun xeito tenro, humano, delicado. Por último, o texto *Asalto ao rexional das 11*, de Daniel García Níñez, aposta por unha farsa de raíz máis tradicional, moi ben resolta e cun eficaz emprego do sentido do humor.

Dende aquí aproveito para destacar o traballo de todos os intérpretes que encarnaron os diferentes personaxes destas catro obras: Antonio Durán *Morris*, Melania Cruz, Fernando González, Mela Casal e Covadonga Berdiñas. Todo isto sería imposible sen a creatividade e profesionalidade de Chus Silva, encargado de facer realidade e de deseñar os diferentes espazos sonoros que ambientan e constrúen cada unha das catro propostas. Despídome co desexo de que o teatro volva á radio cada ano e que Ana Romaní continúe con este oasis radiofónico e teatral durante moitos, moitos anos máis. O ben que lle fai á cultura deste país é inmenso.

Tito Asorey

P R E M I O D O

Xurado

Evasión

Clara Gayo

VOCES

Unha muller algo máis vella.

Unha muller algo máis nova.

Un home algo máis vello.

Un home algo máis novo.

Ambientación: Asmus Tietchens & David Lee Myers '130
m5 - 8'

Título (voz de muller algo máis vella)

(Unha muller corre en primeiro plano. Respiración)

Narrador 1 (home algo máis vello)

Ela declara que renuncia a toda capacidade reprodutiva, que rexeita toda expectativa de confort, que supera toda necesidade de ser amada, que abandona todo desexo de recoñecemento.

(Un home corre en primeiro plano. Respiración)

Narrador 2 (muller algo máis vella)

El declara que renuncia a toda expectativa de confort, que rexeita toda capacidade reprodutiva, que supera toda necesidade de recoñecemento, que abandona todo desexo de ser amado.

(Unha muller e un home corren en primeiro plano. Respiración)

Narrador 1 (home algo máis vello)

Ambos os dous entenden e asinan a súa declaración.

Narrador 2 (muller algo máis vella)

Ambos os dous entenden e asinan as consecuencias da súa declaración.

(Unha manda de cans de presa na distancia. Muller e home corren. Respiración. Os cans achéganse ao primeiro plano, escoitamos as súas arfadas, o seu fociño varrendo o chan na procura do rastro. No fondo, por baixo dos cans, unha entrevista, unha de tantas, xa iniciada. Non chega a primeiro plano)

Entrevistadora/or

(...) tal e como se deduce das súas últimas declaracións...
Que nos pode dicir sobre isto?

Entrevistada/o

Quero deixar claro que en ningún momento iremos contra os intereses dos cidadáns, todo o contrario. Defender os intereses da cidadanía foi, e sempre será, o noso obxectivo prioritario. Non obstante, non podemos deixar ir a oportunidade de establecer novos lazos comerciais que sen dúbida favorecerán a recuperación da economía (...).

(Unha muller corre en primeiro plano. Respiración. Ao lonxe escóitanse os ladridos dos cans. Ambientación no fondo. “Abnormal feelings”, Jeff Mills. En varios idiomas, a palabra “Información” aparece e desaparece. A muller corre)

Muller algo máis nova *(Berrando, ao fondo, a súa voz é apenas audible)*

Non quero máis nada de vós! Non quero máis nada de vós!

(Segue música de ambientación no fondo)

Home algo máis novo *(Vai camiñando, falando para si... Ou case rezando)*

En calquera momento cambia a sorte, si... En calquera momento aparece calquera cousa, ou soa o teléfono, ou de súpeto por algunha casualidade estou no sitio xusto e no momento axeitado... Estas cousas pasan, por que non me van pasar a min? A cousa é estar alerta, preparado, teño que estar preparado por se de súpeto cambia a sorte...

Levo todo no sitio, teño boa presenza, son emprendedor, axiña aprendo, si... Un sorriso. É importante sorrir, parecer serio pero non preocupado... Teño que confiar. Sorrir. Estar convencido de que vai pasar. Vai pasar. Podo facer calquera cousa, calquera cousa me vale, calquera cousa... Por favor... Por favor... Podo facer o que sexa... O que sexa... Por favor... Que apareza algo, por favor...

(Nas bancadas dun estadio de fútbol, o público celebra o gol do seu equipo. O vento zoa con furia apagando o entusiasmo. Un home e unha muller discuten. As voces berran tratando de impoñerse á treboada)

Home algo máis novo

O *entrelazamento* é unha predición teórica da mecánica cuántica. Dúas partículas poden entrelazarse se están achegadas e as súas propiedades se vinculan, entendes?

Muller algo máis nova

Non! Non entendo nada!

Home algo máis novo

A mecánica cuántica di que, mesmo separando estas dúas partículas e mandándoas en direccións opostas, poderían permanecer entrelazadas, inextricablemente conectadas.

Muller algo máis nova

Nós non somos partículas!

Home algo máis novo

Pero estamos conectados!

Muller algo máis nova

Xa non! Como queres que cho diga?!

Home algo máis novo

As nosas propiedades están vinculadas!

Muller algo máis nova

Eu non son unha partícula!

Home algo máis novo

É unha metáfora, muller...

Muller algo máis nova

Pois métea no cu!

Home algo máis novo

Pero eu... Ámote!

Muller algo máis nova

E que culpa che teño eu?!

Home algo máis novo

Non podes ir así!

Muller algo máis nova (*fóra de si*)

Estou farta!

(A treboada deixa paso de novo aos cans. Ambientación: Asmus Tietchens & David Lee Myers '130 m5 - 8'. Seguen cans buscando o rastro en primeiro plano. Fociños, arfadas, algún ladrado contido, doente pola proximidade do rastro)

*No fondo, entra¹**:

Transcripción da nova

Chegou a Vigo un cabalo de Troia de 8 metros que leva percorrido 15 países de Europa. Queren denunciar que Os Estados Unidos e a Unión Europea negocian en segredo un tratado comercial, segundo eles, ás costas da cidadanía. Para Amigos da Terra este tratado supón unha perda de dereitos cidadáns con máis recortes e privatizacións. Afirmar que afectará o medio ambiente, a calidade da nosa alimentación e permitirá a entrada de máis enerxías perigosas. O Parlamento Europeo pronunciarase, no seu conxunto, ao longo desta semana nunha votación definitiva. E o que queren é que os eurodeputados se opoñan ao tratado, coñecido como TTIP

(Unha muller corre. Respiración)

Narrador 1 (home algo máis vello)

Ela declara que se somete á incerteza do futuro, que se apropia da súa ira, que renega do destino, que non subscribe ningunha póliza.

(Un home corre. Respiración)

*1*Fonte: <http://www.crtvg.es/informativos/chega-a-vigo-un-cabalo-de-troia-de-oito-metros-para-denunciar-o-tratado-de-comercio-e-investimentos-1212678>*

Narrador 2 (muller algo máis vella)

El declara que non é un axente de consumo, que entrega as armas, que esquece o uso da forza, que declina o seu liderado.

(Ambientación: Rafael Antón Irisarri. “Decepcion falls”, desde minuto 2 aproximadamente)

Muller algo máis nova

A min dixéronme que nunca choras, que non podes facer dúas cousas á vez, que axiña desesperas.

Home algo máis novo

A min dixéronme que es delicada, que te desorientas sen remedio, que cando choras nunca sabes por que.

Muller algo máis nova

A min dixéronme que a túa ambición non coñece límites, que non podes refrear os teus impulsos, que podes coller o que queiras, porque todo é teu.

Home algo máis novo

A min dixéronme que ti es fermosa porque calas, que coidas de todo e de todos sen queixa, que nunca desfaleces.

Muller algo máis nova

A min dixéronme que ti es forte e sabes o que hai que facer, que protexes todo e a todos de calquera perigo, que tes sempre a última palabra.

Home algo máis novo

A min dixéronme que ti es miña.

Muller algo máis nova

A min dixéronme que agarde por ti.

Home algo máis novo

A min dixéronme que me amarás sen condicións.

Muller algo máis nova

E a min que non son ninguén sen ti... Compañeiro.

Home algo máis novo

Compañeira.

(Unha muller e un home corren. Respiración. A música de ambientación desaparece)

Narrador 1 (home algo máis vello)

Ambos os dous entenden e asinan a súa declaración.

Narrador 2 (muller algo máis vella)

Ambos os dous entenden e asinan as consecuencias da súa declaración.

(Un home e unha muller corren. Ao lonxe, cans)

Fade out

P R E M I O D A Audiencia
*Non teño espello no
baño*

Avelina Pérez

PERSONAXES

Máquina

Persoa (home ou muller, de máis de 40 anos)

Persoa 2 (home ou muller)

(Son de tecleo de número de teléfono. Son de chamada)

Máquina

Dámoslle a benvida ao sistema personalizado da B.A.I. Base de Atención Individualizada. Desde este momento conta vostede coa nosa absoluta dispoñibilidade.

Persoa

Grazas, podería falar con...

Máquina

Se quere falar co servizo de problemas físicos, diga “problemas físicos”. Se quere falar co servizo de problemas psíquicos, psicolóxicos e mentais, diga “problemas psíquicos, psicolóxicos e mentais”.

Persoa

Problemas psíquicos, psico...

Máquina

Se quere falar co servizo de problemas burocráticos e de xestión, diga “problemas burocráticos e de xestión”.

Persoa

Problemas psíquicos, psicolóxicos e mentais.

Máquina

Se os seus problemas teñen que ver coas adiccións, ben sexan drogas, comida, compras, videoxogos, sexo, redes sociais, diga “adiccións”.

Máquina

Se os seus problemas teñen que ver coas relacións, ben sexa con amigos, parella, fillos, resto da familia, compañeiros de traballo, diga “relacións”.

Máquina

Se os seus problemas teñen que ver con hipocondría, medos, obsesións ou fobias, diga “varios”.

Persoa

Relacións e varios... e... adiccións.

Máquina

Non é posible detectar o problema.

Persoa

Todos.

Máquina

Non é posible detectar o problema.

Persoa

Varios.

Máquina

Diga unha palabra chave que lle permita ao servizo detectar a base do problema.

Persoa

Nunha palabra?

Máquina

Non é posible detectar o problema. Repita a palabra chave.

Persoa

Pois... “angustia” podería ser... non...

Máquina

Non é posible detectar o problema. Repita a palabra chave.

Persoa

Angustia!

Máquina

Recibido “angustia”. Agarde un momento por favor.

(Música melódica. Pouca duración)

Máquina

Indique do 1 ao 5 o seu nivel de angustia.

Persoa

4,8?

Máquina

O sistema detecta unha grave angustia.

(Son de alarma. Breve)

Máquina

Non se retire, por favor.

*(Anuncio dunha grande empresa –Endesa, El Corte Inglés etc.–
ou dalgún banco)*

Máquina

Defina en menos de vinte palabras o problema que produce angustia a nivel grave.

Persoa

Están a piques de sacarme a casa, porque... non... e agora estou soa/só... morreu a persoa que podería, que podería axudarme, polo menos falar... falar e pensar... polo menos falar e...

Máquina

Supera vostede o límite de vinte palabras.

Persoa

É que non sei como explicalo, xúntanse tantas cousas, as débedas, que xa viñan de antes... pero antes polo menos

tiña alguén con quen... e teño que tomar pastillas...
moitas...

Máquina

Supera vostede o límite de vinte palabras.

Persoa

Supero o límite, claro... porque as pastillas... e a falta de...
por morrer, comprende? Fáltame porque... morreu... e
non teño onde ir se me sacan a casa, comprende? Sobre
todo a falta... e...

Máquina

Supera vostede o límite de vinte palabras.

Persoa

Morte, débedas, soidade!

Máquina

Precísanse un mínimo de cinco palabras para detectar o
problema.

Persoa

Morte, débedas, soidade, soidade, soidade...

Máquina

Detectado problema. Non se retire por favor.

*(Música. Diferente á anterior e dunha intensidade maior. Pasa
a segundo plano cando entra texto. Volve a primeiro plano.
Desaparece ao entrar o seguinte texto)*

Máquina

Está vostede a falar co departamento de angustia aguda con posibilidades dun desencadeamento autodestrutivo. Por favor, diga alto e claro a primeira palabra que lle veña á cabeza.

(As palabras “estómago”, “angustia” e “tristeza” serán unha gravación da voz da Persoa)

Persoa

Estómago.

Máquina

Que sente se escoita as seguintes palabras: “estómago”, “angustia”?

Persoa

Tristeza, unha tristeza moi fonda... todo me dá tristeza...

Máquina

Que sente se escoita as palabras “estómago”, “angustia”, “tristeza”?

Persoa

Teño ganas de chorar.

Máquina

Non se retire por favor.

Persoa

Pero teño ganas de chorar, moitas ganas. Escóitame? Teño sempre ganas de chorar.

(Anuncio dunha grande empresa –Endesa, El Corte Inglés, Mercadona, etc...– ou dalgún banco. Diferente do anterior)

Máquina

O sistema detecta que o seu problema ten que ver coa casa, a morte, a angustia, a soidade, as pastillas e o estómago. Diga “si” se está de acordo.

(Escóitase a respiración da persoa; moi profunda e sonora)

Persoa

Non, co estómago non ten que ver... non sei... ao mellor un pouco...

Máquina

Precisamos da súa colaboración e claridade.

Respire por favor. Inspire. Expire. Inspire. Expire. Diga “si” se está de acordo.

Persoa

Estou...

Máquina

Diga “si” se está...

Persoa

SI!

Máquina

Repita vostede: “Todos os problemas teñen solución”.

Persoa

Podería falar cun operador? Ou cunha operadora? Mellor cunha operadora...

Máquina

Repita vostede: “Todos os problemas teñen solución”.

Persoa

Por favor... quixera...

Máquina

Vostede é protagonista da súa vida. Se vostede non colabora, non poderemos facer nada por vostede.

Persoa

Colaboro, por favor, colaboro... O único que quero é...

Máquina

Repita vostede: “Todos os problemas teñen solución”.

Persoa

Todos os problemas teñen solución.

Máquina

Agradecemos a súa colaboración. Non se retire, por favor. Pasaremos ao seguinte nivel.

(Música. A música vai medrando en intensidade e en “alegría”)

Máquina

Está vostede a falar co departamento de diagnóstico e posibles solucións. Está vostede a piques de atopar unha solución ao seu problema. Parabéns.

(Música. Xa a un nivel de celebración e festa. Breve, como un flash)

Máquina

Primeiro consello: debe vostede repetir “todos os problemas teñen solución” todos os días ao espertar. Debe vostede escribir esta frase e pegala polos cantos da súa casa: mesa, espello do baño,

Persoa

Non teño espello no baño...

Máquina

corredor, porta da casa,

Persoa

Vanme quitar a casa...

Máquina

cabeceira da cama, sofá, pratos,

Persoa

Vanme quitar...

Máquina

porta do cuarto.

Persoa

E estou soa/só!

Máquina

Se vostede cre na solución, a solución estará máis cerca.

Persoa

Pero estou soa/só! E non teño espello no... no baño...

Máquina

Defina nunha palabra o seu estado actual.

Persoa

Cansa/o...

Máquina

Detectamos unha importante evolución desde que vostede pronunciou a palabra “estómago” ata que pronunciou a palabra “cansa/o”. Parabéns.

(Música. Na liña da anterior. Moi breve e intensa)

Persoa

Parabéns?!

Máquina

Repita vostede: “Eu son protagonista do meu proceso”.

Persoa

Por favor, estou cansa/o de repetir nada, non me pode dicir parabéns! Non quero ser maleducada/o co servizo, pero estou ata as mesmísimas... non me pode dicir parabéns!

Hai un fallo! Non me pode dicir parabéns!!! Non pode!!!
Non ten dereito a dicirme parabéns! Hai un fallo!

(Varias alarmas xuntas soando todas á vez)

Máquina

Detectamos un aumento importante da agresividade. Un aumento da agresividade é prexudicial para o proceso. STOP. Se vostede continúa nesta actitude, verémonos obrigados a dar por finalizada a atención. STOP.

Persoa

Non podo pegar un papel no espello do baño!

Máquina

Debe vostede volver ao seu estado inicial.

Persoa

Non podo pegar un papel no espello! Non o entende?!!
Non podo...

Máquina

Existe en vostede unha actitude negativa que impide unha evolución positiva. Non aproveita vostede os recursos que a comunidade lle ofrece. O sistema detecta unha gran dureza na súa actitude negativa.

Persoa

Podería falar con alguén? Cun operador? Cunha operadora? Podería pasarme con...

Máquina

O sistema fai o posible por vostede. Vostede non permite que o sistema a axude. O sistema non pode responsabilizarse se vostede non se responsabiliza.

Persoa

Alguén que non diga parabéns! Hai un fallo! Teñen que corrixir ese fallo!!!

Máquina

O sistema dá por rematada a sesión. Pode vostede volver chamar cando desexe. O sistema ofrece segundas oportunidades. Grazas pola confianza no sistema.

(Anuncio moi breve, na liña dos anteriores. Desconéctase a sesión. Son de teléfono comunicando)

Persoa

Pero non pode dicir... eu non teño...

(Cesa son de teléfono comunicando. Son de tecleo de número de teléfono. Son de chamada)

Persoa 2

Está vostede chamando a *El Corte Inglés*. En que podo axudar?

Persoa

Teñen... teñen... espellos de baño?

Persoa 2

Na sección de mobles e na sección de cuartos de baño.
Desexa vostede que o pase con algún dos departamentos?

Persoa

Non, grazas, só era por saber... moitas grazas... Outra
cousa... podería, por favor, dicirme algo...?

Persoa 2

Non comprendo...

Persoa

Algo... a min... algo...

Persoa 2

Acerca dos espellos?

Persoa

Non... algo... algo de min, algo... non sei... bonito...
para min...

Persoa

Que teña vostede un bo día?

Persoa

Si... pode valer... si...

Persoa 2

Ningún problema. Que teña vostede un bo día, un moi
bo día.

Persoa

Moitas grazas...

Persoa 2

Quere que lle pase cos espellos?

Persoa

Non... está ben... moitas grazas... moi amable...

(Son de teléfono que se colga. Ton de teléfono comunicando que se vai apagando)

Finalista
*Hai un punto que
me doe*

Marián Bañobre e
Santiago Cortegoso

PERSONAXES

Recepcionista, home, uns 30 anos

Ana, muller, 53 anos

Doutora, muller, 40 anos

Carlos, o home de Ana, 55 anos

(Soa o teléfono. As voces escóitanse con efecto telefónico, agás cando se especifique o contrario)

Recepcionista

061, diga.

Ana

Quería facer unha consulta.

Recepcionista

Dígame o seu nome.

Ana

Ana Troncoso Albor.

(Son de tecleo no ordenador)

Recepcionista

Chama por vostede?

Ana

Como?

Recepcionista

Se é vostede a que está enferma ou chama por outra persoa.

Ana

Quen non está enfermo?

Recepcionista

Perdón?

Ana

Chamo por min.

(Pausa)

Recepcionista

Está en travesía da Serra, 27, A Coruña?

Ana

Estou.

Recepcionista

Que lle pasa?

Ana

É que hai un punto que me doe.

Recepcionista

Onde?

Ana

Pois non sabería dicirlle exactamente; preto da boca do estómago, pero máis á esquerda.

Recepcionista

Desde cando lle doe?

Ana

Agora levo un bo cacho aguantando... pero vai e vén desde hai anos.

Recepcionista

Anos?

Ana

Si. Pensaba que iría pasando co tempo, pero... aí seguiu. Desde hai unhas horas estáseme facendo insoportable.

Recepcionista

Padece algunha enfermidade crónica?

Ana

Enfermidade non sei... (*pausa*). O que teño crónico é o cansazo, pero non sei se iso vale.

Recepcionista

Está tomando algún tratamento?

Ana

Non. Só unhas flores de Bach que me recomendou unha amiga para as dores de cabeza.

Recepcionista

Tivo algunha vez algún tipo de trastorno nesa zona?

Ana

O punto.

Recepcionista

Xa... Espere que a paso cun médico, de acordo? Non colgue.

(Entra a canción de Noa “La vita è bella”)

Recepcionista *(Voz sen efecto telefónico)*

Doutora, se estás libre, pásosche a Ana Troncoso, 53 anos. Di que ten un punto na barriga. Ningunha enfermidade importante, ningún tratamento. É un pouco rara.

Doutora *(Voz sen efecto telefónico)*

Dálle.

Recepcionista *(Voz sen efecto telefónico)*

Tes a ficha aberta.

Doutora *(Voz sen efecto telefónico)*

Grazas.

(Un asubío e o son de descolgar un teléfono fan que pare a música)

Doutora

Ola, Ana. Son a doutora Sánchez; cónteme entón o que lle pasa.

Ana

Pois que hai un punto que me doe.

Doutora

Onde?

Ana

Na barriga, preto da boca do estómago pero un pouco máis á esquerda.

Doutora

Ten febre?

Ana

Non. Máis ben o contrario.

Doutora

Vómitos ou náuseas?

Ana

Non.

Doutora

Algún trastorno dixestivo: estrinximento, diarrea?

Ana

Non.

Doutora

Ese punto que lle doe está sempre localizado no mesmo lugar?

Ana

No mesmo.

Doutora

E dóelle sempre ou é unha dor intermitente?

Ana

Vai e vén.

Doutora

Desde cando?

Ana

Desde pouco despois de casar, penso.

Doutora

Como?

Ana

Alá polo ano 85 empecei a sentilo. Pensaba que co tempo iría curando, pero... Houbo ocasións nas que cheguei a esquecerme del, pero sempre volve. Cada vez con máis forza.

Doutora

Agora dóelle moito?

Ana

Si, claro, por iso chamei.

Doutora

Relaciona a dor con algo dixestivo, algo que lle puido sentar mal?

Ana

Non.

Doutora

Moi ben, Ana. Imos averiguar onde está ese punto, de acordo? Vostede sabería localizar o fígado?

Ana

Si. Non é o fígado.

Doutora

E o páncreas?

Ana

Non sei moi ben...

Doutora

É unha dor aguda?

Ana

Si, sobre todo cando se fai máis intensa.

Doutora

É á altura das costelas flotantes?

Ana

Non, é moito máis adentro.

Doutora

Trate de describirmo.

Ana

Non creo que sexa ningún órgano o que me doe.

Doutora

Xa.

Ana

A non ser que a alma sexa un órgano.

Doutora

Dificultade para respirar?

Ana

Non sei... Non sei se ten moito que ver; pero, cando me aperta a dor no punto, é como se se fixese máis grande, como se fose desprazando o diafragma cara arriba ata facerlle presionar os pulmóns, que van subindo ata esmagar as clavículas.

Doutora

Algún síntoma máis?

Ana

Esta presión chega á gorxa e sinto como se me faltase o alento.

Doutora

Entendo.

Ana

Despois rompo a chorar dunha forma explosiva e incontrolable.

(Silencio)

Doutora

Probe a dar un pequeno salto.

Ana

Un salto?

Doutora

Si.

(Escóitase o salto)

Doutora

Que tal?

Ana

Ben.

Doutora

Saltou?

Ana

Saltei.

Doutora

E que tal? Custoulle?

Ana

Non especialmente.

Doutora

Dóelle máis agora?

Ana

Igual.

(Silencio)

Doutora

Está soa?

Ana

Non, o meu home está na casa.

Doutora

De acordo. Pídalle ao seu home que a observe un momento, que imos facer unha proba máis.

Ana

É que... sabe o que pasa? O meu home está metido na bañeira e non quero molestalo. Ademais, sinceramente, non me apetece moito falar con el.

Doutora

Ben, pois nese caso será mellor que se achegue vostede ao centro de saúde.

Ana

Non, non. Iso non vai ser posible; non teño o corpo como para ir ata alí.

Doutora

Ten que ir ao PAC para que a valore un médico...

Ana

Non... Di que xa fala vostede con el, verdade?

Doutora

Si, só lle vou pedir que faga unhas probas con vostede.

Ana (*Sen efecto telefónico. Case berrando*)

Carlos!

Carlos (*Desde lonxe sen efecto telefónico*)

Que?

Ana (*Sen efecto telefónico*)

Teño a doutora ao teléfono; quere facer unha proba. Podes vir?

Carlos (*Sen efecto telefónico*)

Vou.

Ana

Desculpe, xa vén.

Doutora

Non se preocupe. (*Silencio*) Fixo algún esforzo ultimamente, ou está facendo algún tipo de exercicio físico que poida resultar novidoso para o seu corpo?

Ana

Non... máis ben ao contrario. Non me movo da casa, estou bastante estática. (*Tapando o auricular. Voz sen efecto telefónico*) Carlos!

Doutora

Consume alcohol ou algún tipo de substancia?

Ana *(Sen efecto telefónico)*

Carlos! *(De volta polo teléfono)* Perdón? Como dicía?

Doutora

Que se consome alcohol ou algunha outra substancia?

Ana

Non, non, para nada. Moitas veces penso que debería facelo, pero non. *(Pausa)* Desculpe un momento. Vouno buscar.

(Son de pousar o auricular sobre o recibidor. Escóitanse os pasos de Ana nun primeiro plano marchando, logo unha parada e volta ao auricular)

Ana

Espere que teño aquí a radio e voulle poñer unha canción moi bonita, que igual tardo un momentíño en volver.

(Ruído de manipular CD, de abrir a tapa do reprodutor, de meter un CD e darlle ao play. Soa “A raíz do toxo verde”, d’A Roda. A canción mantérase ata que a pare Ana ao volver)

Doutora *(Sen efecto telefónico)*

Como vai? Temos alguén en espera?

Recepcionista *(Sen efecto telefónico)*

Isto está tranquilo. E a señora do punto?

Doutora *(Sen efecto telefónico)*

Aquí estou... coa Roda. *(Escóitase a canción máis alta)* A esperar por ela.

Recepcionista

Como?

Doutora

Púxome música para que non me aburra.

Recepcionista

Estás de broma?

Doutora

Non.

Recepcionista

Que surrealista! Vou chamando a psiquiatría, logo?

Doutora

Non. Sospeito o que lle pode estar pasando, pero necesito confirmar. Dígocho agora.

Recepcionista

Ok.

(Sobre a canción, escóitanse pouco a pouco os pasos de dúas persoas. A música para de golpe)

Ana

Desculpe, doutora, aquí estou. Pásoa logo co meu home?

Doutora

Si, por favor.

Carlos

Que.

Doutora

Ola. Falo co marido de Ana Troncoso?

Carlos

Si.

Doutora

Ben. Podería poñerse en fronte da súa muller, cara a cara?

Carlos

Vale.

Doutora

Están?

Carlos

Si.

Doutora

Mírea aos ollos. (*Pausa*) Estanse mirando?

Carlos

Non.

Doutora

Non son quen de mirarse en fite?

Carlos

Non.

Doutora

Están a mirar para o chan?

Carlos

Non.

Doutora

Están a mirar para un lado?

Carlos

Non.

Doutora

Están a mirar para dentro?

Carlos

Si.

Doutora

Os dous?

Carlos

Si.

Doutora

Vale, agora con moito coidado, achéguea e pegue o peito contra o dela. Queden así pegados uns segundos. (*Silencio*)
Nota algún tipo de respiración?

Carlos

Non.

Doutora

En ningún dos dous?

Carlos

Non.

Doutora

Por favor, pásame con Ana.

Ana

Si?

Doutora

Ana, como se sente?

Ana

Non soporto a dor.

Doutora

Poña a man no punto. (*Pausa*) Púxoas?

Ana

Si.

Doutora

Agora sáquea e mírea. (*Pausa*) Está mollada?

Ana

Está.

Doutora

Moito?

Ana

Está vermella. Hai moito sangue... moito sangue...

Doutora

Tranquila, xa mandamos alguén para aí.

Ana

Estamos empapados.

Doutora

Tiñas que ter chamado hai moitos anos, Ana; esas dores son doadas de curar se se collen a tempo. *(Coa voz algo rota, case chorando)* Boa viaxe. *(Repoñéndose)* Antes de colgar, segue o teu marido aí?

Ana

Si.

Doutora

Pásamo un momento, por favor.

Carlos

Que.

Doutora

Tes toda a eternidade para pagar por isto, malnacido. *(Colga)*

Recepcionista *(Sen efecto telefónico)*

Que pasou?

Doutora *(Sen efecto telefónico)*

Chama a policía. Que manden un par de coches de atestados ao enderezo de Ana Troncoso.

Recepcionista *(Sen efecto telefónico)*

Algún médico?

Doutora *(Sen efecto telefónico)*

Xa non fai falta. *(Pausa)* Hai algunha chamada en espera?

Recepcionista (*Sen efecto telefónico*)

Non.

Doutora (*Sen efecto telefónico*)

Voume deitar un momento. Cansa moito falar con mortos.

(Soa de novo “A raíz do toxo verde” a partir de 1’ 45”, para que se escoite a estrofa de “A miña muller morreume...”. O volume vai subindo pouco a pouco)

Finalista
*Asalto ao rexional
das 11*

Daniel García Níñez

(Música tipo western con asubío) (Son: tren en movemento)

Revisor

Billete, por favor. Grazas... A Vigo.

Revisor

Billete, por favor. Grazas... A Vilagarcía.

Revisor

Billete, por favor.

Manuela

Pero xa baixo agora...

Revisor

Eh?

Manuela

Santiago-Padrón. 10 minutos e vascos cobrar?

Revisor

E logo, señora?

Manuela

Se nin a portada da revista lin aínda!

Revisor

Santiago-Padrón O Barbanza, 2,80.

Manuela

Veña, ho! Que dis?

Revisor

2,80.

Manuela

Que o pague Europa! Chama o garda xurado se queres...

Revisor

Ai, pois eu, para o que cobro, non vou tolear con vostede.

(Son: soa un móbil)

Manuela

Diga? Si, vou no tren. Chegando xa. Ah, pois mellor, así xa non chamo o taxi. Ata agora logo.

Revisor

E que? Vai pagar ou abstense?

Manuela

Xa che dixeran que non pago nada.

Revisor

A ver, coa Tarxeta Dourada sáelle en... (interrupción).

Voz

Próxima estación: Padrón-O Barbanza. Non esqueza coller os seus obxectos persoais. Rógaselles aos viaxeiros que continúan a viaxe que non baixen do tren.

Manuela

Ves? Xa chegamos. Agora é un airiño e ti queréndome cobrar...

(Son: tren que vai freando)

Revisor

Ai, mire; pois non pague.

Manuela

Ves como ao final me dás a razón?

Revisor

Darei, ho, darei.

Manuela

Pois quedamos en paz. Axúdeme a coller de aí o carriño da compra, se fai o favor.

Revisor

Nada, servizo completo. A mandar.

Manuela

Ben, que teña bo día.

(Son: detense o tren e comezan a golpear a porta)

Manuela

Xesús! Quen anda aí?

(Son: ábreanse as portas do tren)

María (*Dende fóra*)

Viches, animalíño, como era darlle ao botón verde??!!

Pepe

Ben, ho, ben. Vamos para dentro.

(Son: pasos fortes que entran)

Manuela

Pepe! Non facía falta que subises a axudarme que xa me axudaba este señor.

Pepe

Miña nai! Non me identifique que isto é un asalto.

Manuela

María, que quere dicir todo isto? E a escopeta...?

María

Nada, señora Manuela; é para xuntar cartos para as festas.

Revisor

Pero, de que vai isto?

Pepe

A ver, ti? Es o Billetes?

Revisor

Pois non lle sei. Eu son Luís Gómez Fandiño, interventor de RENFE.

Pepe

Pois iso, o Billetes. Que saiba que este tren queda retido polas forzas da Subcomisión Paramilitar de Festas da parroquia de aí ao lado.

Manuela

Cruces. A parroquia é Santa María de Cruces.

Pepe

Miña nai! Que non nos identifique!

Manuela

Vale... Xa calo logo.

(Son: arranca o tren e comeza a soar constante o ruído do tren en marcha)

Revisor

E se non é moito preguntar, eu que pinto en todo isto?

María

Pois vostede está aquí para trasladarlle as nosas esixencias a quen teña que trasladarllas.

Revisor *(Con retranca)*

Que queredes, independizarvos?

(Son: tiro contra o cristal)

Pepe

A ver, Billetes. Que non estamos aquí para pasar o tempo, e chistes os xustos. Queremos cartos para as festas.

Revisor

Pois eu só teño 140 da recadación. Como non vaiades requisar os viaxeiros...

(Son: desprégase un papel e María le)

María

A Subcomisión Paramilitar de Festas establece como obxectivo principal das súas accións subversivas roubarlles aos poderosos, tales como administracións e grandes empresas, para poder darlle festas con dúas orquestras ao pobo. Por unhas festas dignas, con chigre económico, alboradas e foguetes sen contemplación. Avante a Subcomisión Paramilitar de Festas!

Pepe

Avante! Xa ve, somos os Robin Hood das festas... E vostede é o representante da parte opresora.

Revisor

Ahhh... pois paréceme moi ben, pero eu só teño 140 euros.

María

Calquera contribución serve para tan boa causa como as nosas festas, porque entenderá que a Sintonía de Vigo non se paga soa.

Pepe

Como que a Sintonía de Vigo?! Quedaremos en que iamos traer a París de Noia como orquestra principal.

María

Pepe, isto xa o falamos e non o imos discutir agora.

Pepe

Dígoche que non! Vén a París de Noia e punto.

(Son: labazada)

María

Prometíchesme que viría a Sintonía de Vigo. Prometíchesme que tocarían para min “Ollos verdes”, e ademais...

(Interrompida polo revisor)

Revisor

Unha peza moi bonita (comeza a cantar): Ollos verdes son traidores...

María

Azules son mentireiros...

Revisor

...os negros e acastañados son firmes...

Revisor e María

...e verdadeiros! Na beira, na beira, na beira do mar
(interrompidos por un tiro).

(Son: tiro contra o teito de metal)

Pepe

Xa está ben de tanto karaoke! Onde vai miña nai?

Voz

Próxima estación: Vilagarcía de Arousa. Non esqueza
coller os seus obxectos persoais. Rógaselles aos viaxeiros
que continúan a viaxe que non baixen do tren.

Manuela *(Ao lonxe)*

Estou aquí!

Pepe

Pero que demo...?

Manuela

Mirade cantas tabletas!

Pepe

De onde sacou todo iso?

Manuela

Dos pasaxeiros, Pepe. Ti ás veces pareces parvo.

María

Que non, señora Manuela. Nós non lles roubamos aos pasaxeiros.

Manuela

Ti sabes o que vale cada unha destas?

María

Sei, sei, que lle mercamos unha a Josito e valeunos un ollo da cara.

Manuela

Pois aí está. Xa está todo en marcha.

Pepe

O que?

Manuela

As vendas. Xa avisei a Josito por whatsapp para que as poña a vender en interné.

Revisor

Canto pide pola da mazá?

Manuela

Por ser para vostede, doulla. Vai pagado así o billete?

Revisor

Sáelle a devolver aínda, pero non teño cambio.

Pepe

Rediós! Ao que estamos chegando polas festas; miña nai traficando con tabletas.

(Son: soa un ton de mensaxe)

María

Pepe.

Pepe

Que?

María

O Concello denegounos a subvención...

Pepe

Non hai que renderse! Hai que loitar. Aínda queda moito por facer, aínda queda a subvención da Deputación.

Manuela

E as tabletas, María!

(Son: sirenas de policía e tren que vai freando)

Pepe

A policía! Hai que resistir, non podemos rendernos, María!

(Son: soa un ton de mensaxe)

María

Pepe.

Pepe

Que?

María

Outra mensaxe electrónica.

Pepe

De quen?

María

A Deputación, denéganos a subvención.

Pepe *(Suspiro)*

Agora si que estamos acabados, María.

María

Tranquilo, Pepe, sempre nos quedará a banda municipal no palco da festa...

(Música: Ollos verdes son traidores...)

<i>Presentación</i>	5
<i>Limiar</i>	7
<i>Evasión</i>	11
<i>Non teño espello no baño</i>	21
<i>Hai un punto que me doe</i>	37
<i>Asalto ao rexional das 11</i>	57

galicia



**IX Premio Diario
Cultural de Teatro
Radiofónico 2015**